

**ADMINISTRACIÓN LOCAL****MUNICIPAL****CANGAS****Ordenanzas e Regulamentos***APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIA POLOS SERVIZOS VINCULADOS AO CICLO INTEGRAL DA AUGA**ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARACTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO CICLO DA AUGA*

Por Acordo do Pleno de data 31/04/2020, aprobouse definitivamente a “Ordenanza reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributaria polos servizos vinculados ao Ciclo Integral da Auga do Concello de Cangas”, o que se publica aos efectos dos artigos 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local.

“Visto o acordo plenario de data 27 de setembro de 2019 polo que se acordaba a aprobación inicial da ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIA POLOS SERVIZOS VINCULADOS AO CICLO INTEGRAL DA AUGA DO CONCELLO DE CANGAS.

Visto que durante o período de alegacións (12 de outubro-25 de novembro de 2019) e de conformidade có Certificado de Secretaría de data 11 de decembro de 2019 a entidade UTE GESTIÓN CANGAS presentou alegacións en data 22 de novembro de 2019, documento que consta no expediente e polo que se solicita:

“Que por presentado este escrito se sirva admitirlo y, teniendo por formuladas las alegaciones que en el mismo se contienen a todos los efectos legales y en particular a los derivados de lo dispuesto en los artículo 49 y 70 de la LBRL, los preceptos de la Ley 29/2015, aplicables en relación con la aprobación de las ordenanzas y el artículo 17 del T.R.L.R.H.L, proceda a la declaración de la nulidad de la ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIA POLOS SERVIZOS VINCULADOS AO CICLO INTEGRAL DA AUGA DO CONCELLO DE CANGAS aprobada en el acuerdo plenario de 27/09/2019 por carecer de la memoria y justificación presupuestaria de los gastos y costes, requisito esencial para su validez.”

Visto a aprobación das tarifas mediante de Resolución de data 27 de decembro de 2019 por parte da Comisión de Prezos de Galicia.

Tendo en conta os informes de Secretaría de data 22 de xaneiro de 2020 que consta no expediente (Informe 2020-003) no que se sinala o seguinte:



Xoves, 13 de febreiro de 2020

Núm. 30

“A modo de conclusión, a aplicación do trámite de consulta previa na tramitación dunha prestación patrimonial de carácter público non tributario resulta ser, tal e como se pon de manifesto o longo do presente informe unha cuestión altamente controvertida tanto na súa esixencia coma nos efectos xurídicos derivados da súa ausencia.

Dada esta indefinición doctrinal, entendendo aplicable o principio de validez “iuris tantum” dos actos administrativos, o principio de conservación dos mesmos e a validez outorgada pola Comisión de Prezos de Galicia, considero que procede desestimar as alegacións presentadas no tocante a ausencia de consulta previa no expediente.”

Visto o informe de Intervención de data 22 de xaneiro de 2020 ( Informe 2020-008) no que se sinala:

“A efectos de dar resposta ás alegacións presentadas, esta Intervención considera adecuado transcribir as consideracións da consulta vinculante da Dirección General de Tributos del 9 de mayo de 2019, Núm. V1024-19, na que se plantea

“Si tras la modificación introducida por la Ley 9/2017, la tarifa satisfecha por los usuarios tiene la naturaleza jurídica de tasa o de prestación patrimonial de carácter público no tributario. En el caso de que no se considere tasa, si el Ayuntamiento debe realizar algún tipo de trámite para adecuar el concepto de tasa anterior al nuevo concepto”

En concreto, e por entender que da resposta á alegación presentada, transcríbese a conclusión á que chega a Dirección Xeral de Tributos:

“En consecuencia, si la normativa reguladora de la contraprestación a la que se refiere la consulta no está adaptada correctamente a la normativa dimanante de la configuración legal de las prestaciones patrimoniales de carácter público no tributario, deberán adoptarse las modificaciones normativas necesarias para dar cobertura jurídica a su exigencia conforme a derecho.

Efectivamente, dado que la contraprestación económica ya no tiene carácter de tasa sino de prestación patrimonial de carácter público no tributario, es necesario adaptar la normativa local a la nueva realidad jurídica establecida por la modificación introducida por la Ley 9/2017 y aprobar la correspondiente ordenanza reguladora de la prestación patrimonial de carácter público no tributario, que ya no tendrá el carácter de ordenanza fiscal.

En cuanto al importe de las prestaciones patrimoniales de carácter público no tributario, cabe señalar que, para las tasas, el artículo 24.2 del TRLRHL establece:

“2. En general, y con arreglo a lo previsto en el párrafo siguiente, el importe de las tasas por la prestación de un servicio o por la realización de una actividad no podrá exceder, en su conjunto, del coste real o previsible del servicio o actividad de que se trate o, en su defecto, del valor de la prestación recibida.



Xoves, 13 de febreiro de 2020

Núm. 30

Para la determinación de dicho importe se tomarán en consideración los costes directos e indirecto, inclusive los de carácter nanciero, amortización del inmovilizado y, en su caso, los necesarios para garantizar el mantenimiento y el desarrollo razonable del servicio o actividad por cuya prestación o realización se exige la tasa, todo ello, con independencia del presupuesto o del organismo que lo satisfaga. El mantenimiento y desarrollo razonable del servicio o actividad de que se trate se calculará con arreglo al presupuesto y proyecto aprobados por el órgano competente.

Esta limitación legal para la fijación del importe de las tasas no está prevista para la determinación del importe de las prestaciones patrimoniales de carácter público no tributario, por lo que el importe de las mismas no tiene el límite del coste del servicio.

Ahora bien, estas prestaciones tienen unos precios intervenidos, cuya determinación corresponde a las Comisiones Autonómicas de Precios. A estos efectos, el último inciso del artículo 20.6 del TRLRHL establece que “Durante el procedimiento de aprobación de dicha ordenanza las entidades locales solicitarán informe preceptivo de aquellas Administraciones Públicas a las que el ordenamiento jurídico les atribuyera alguna facultad de intervención sobre las mismas.”. Por lo que, el importe de las prestaciones patrimoniales de carácter público no tributario no se determina libremente por la entidad prestadora del servicio, sino que está sometido a un control administrativo.

Lo que comunico a Vd. con efectos vinculantes, conforme a lo dispuesto en el apartado 1 del artículo 89 de la Ley 58/2003, de 17 de diciembre, General Tributaria.”

### CONCLUSIÓNS

En vista dos fundamentos expostos, esta Intervención entende que procede desestimar as alegacións efectuadas.”

Tendo en conta o sinalado anteriormente, de conformidade co disposto nos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, proponho ó Pleno a adopción do seguinte

### ACORDO:

*Primeiro.* Desestimar as alegacións presentadas pola UTE GESTIÓN CANGAS en relación co expediente de aprobación da ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIA POLOS SERVIZOS VINCULADOS AO CICLO INTEGRAL DA AUGA DO CONCELLO DE CANGAS polos motivos expostos nos informes anteriormente citados de Secretaría e Intervención, dos que se remitirá copia o alegante xunto coa notificación do presente Acordo.

*Segundo.* Aprobar expresamente, con carácter definitivo, a ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIA POLOS SERVIZOS VINCULADOS AO CICLO INTEGRAL DA AUGA DO CONCELLO DE CANGAS nos termos en que figura no expediente



Xoves, 13 de febreiro de 2020

Núm. 30

*Terceiro.* Publicar este Acordo definitivo co texto íntegro da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, entrando en vigor segundo o previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Dase conta, así mesmo, do informe favorbale emitido ao respecto pola Comisión Informativa única en data 27.01.2020.

Votación e acordo.

Votos a favor: 14 ( 4 dos concelleiros/concelleiras de ACE, 4 concelleiros/concelleiras do PSOE, 3 dos concelleiros/concelleiras do BNG e 3 dos concelleiros/concelleiras de AVANTE.

Abstencións: 6 (dos concelleiros/concelleiras do PP).

Polo tanto, o Concello Pleno, por maioría dos seus membros presentes, acorda aprobar íntegramente a proposta transcrita anteriormente” e insértase a continuación o seu texto íntegro:

### **ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIA POLOS SERVIZOS VINCULADOS AO CICLO INTEGRAL DA AUGA DO CONCELLO DE CANGAS**

#### **Artigo 1.—Fundamento e Natureza**

En uso da facultade concedida polo artigo 31.3 da Constitución e polo artigo 105.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20.6 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais en relación coa Disposición adicional primeira da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, o Concello de Cangas establece unha prestación patrimonial de carácter público non tributario como contraprestación pola prestación do servizo público de abastecemento de auga potable e rede de saneamento, a que se refire o artigo 20. 4 r) e t) do propio Real Decreto Lexislativo, que se rexerá pola presente Ordenanza.

As tarifas e demais dereitos económicos, pola prestación dos servizos que se citan nos apartados seguintes, teñen a condición de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario, de acordo co artigo 20.6 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, en redacción dada pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

#### **Artigo 2.—Obxecto**

1.—Constitúe o obxecto da presente prestación patrimonial de carácter público non tributario a prestación dos servizos que a continuación se detallan, prestados polo Concello de Cangas a medio de xestión indirecta, baixo a modalidade de concesión administrativa de servizo público.

- A actividade municipal, técnica e administrativa, dirixida a verificar as condicións precisas para autorizar a conexión á rede municipal de abastecemento e sumidoiros.



Xoves, 13 de febreiro de 2020

Núm. 30

- Mantemento integral da totalidade de infraestruturas e instalacións vinculadas ao ciclo integral da auga.
- A prestación do servizo da rede de sumidoiros e depuración.
- Subministración ou abastecemento de auga potable.
- A realización ou execución de obras, así como a colocación e utilización de contadores e instalacións análogas e dereitos de enganche.
- Utilización das redes de sumidoiros, os servizos de saneamento e a depuración de augas residuais.
- En xeral calquera outro servizo que sexa obxecto da presente Ordenanza e, sendo competencia da entidade local, teña carácter obrigatorio en virtude da disposición legal ou regulamentaria.

2.—Será obxecto da prestación patrimonial de carácter público non tributario, o subministro de auga potable e rede de saneamento para:

- a) Usos domésticos en domicilios particulares.
- b) Usos comerciais e industrias.
- c) Usos de obras.

3.—Conexión obrigatoria ás redes de subministro e saneamento municipais.

As vivendas, industrias e locais comerciais que se atopen situados a menos de 100 m. das redes de subministración de auga e de saneamento, deberán conectar obrigatoriamente a cada unha delas, previa solicitude ao Concello ou entidade concesionaria do servizo.

Exceptúanse da obrigatoriedade de conectar á rede de subministración de auga potable, segundo as condicións establecidas no parágrafo precedente, a todas as Comunidades de augas veciñais legalmente constituídas.

Non estarán suxeitos á prestación os inmobles declarados ruinosos ou que teñan a condición de soar ou terreo. A estes efectos entenderase por ruinoso unicamente aquel inmovible que fose obxecto dunha declaración administrativa de ruína de acordo co disposto na Lei 2/2016, do Solo de Galicia, e no Decreto 146/2016, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do Solo de Galicia.

### **Artigo 3.—Obrigados ao pagamento**

Están obrigados ao pagamento os titulares do contrato de subministración, solicitantes ou destinatarios dos servizos. Serán responsables subsidiarios do pagamento os propietarios dos inmobles, que poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios da subministración ou servizos regulados nesta ordenanza



Xoves, 13 de febreiro de 2020

Núm. 30

## Artigo 4.—Tarifas

### 1.—ABASTECIMIENTO , SANEAMENTO E DEPURACIÓN

O prezo pola prestación do servizo de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración estará constituído por dous elementos tarifarios: un de carácter fixo pola dispoñibilidade dos servizos de abastecemento, saneamento e depuración, e outro de carácter variable en función da súa utilización efectiva medida polo volume, expresado en metros cúbicos, de auga consumida. No caso de servizos de solo saneamento, aplicarase a tarifa que se determina no presente apartado.

| DOMICILIARIO |                       |                |          |            |          |            |          |
|--------------|-----------------------|----------------|----------|------------|----------|------------|----------|
|              | CONSUMO TRIMESTRAL M3 | ABASTECIMIENTO |          | SANEAMENTO |          | DEPURACIÓN |          |
|              |                       | FIXO           | VARIABLE | FIXO       | VARIABLE | FIXO       | VARIABLE |
| BLOQUE I     | < 45                  | 9,81           | 0,1381   | 6,00       | 0,0828   | 6,00       | 0,083    |
| BLOQUE II    | DE 46 A 105           |                | 0,7050   |            | 0,3290   |            | 0,611    |
| BLOQUE III   | DE 106 A 300          |                | 0,9400   |            | 0,5640   |            | 0,764    |
| BLOQUE IV    | > 300                 |                | 1,1000   |            | 0,7000   |            | 1,100    |

| NON DOMICILIARIO |                       |                |          |            |          |            |          |
|------------------|-----------------------|----------------|----------|------------|----------|------------|----------|
|                  | CONSUMO TRIMESTRAL M3 | ABASTECIMIENTO |          | SANEAMENTO |          | DEPURACIÓN |          |
|                  |                       | FIXO           | VARIABLE | FIXO       | VARIABLE | FIXO       | VARIABLE |
| BLOQUE I         | < 45                  | 12,26          | 0,3760   | 7,00       | 0,2000   | 7,00       | 0,2000   |
| BLOQUE II        | DE 46 A 105           |                | 0,6463   |            | 0,3878   |            | 0,6463   |
| BLOQUE III       | DE 106 A 300          |                | 1,2250   |            | 0,7875   |            | 1,2250   |
| BLOQUE IV        | > 300                 |                | 1,4000   |            | 0,9625   |            | 1,4000   |

|                               |         |
|-------------------------------|---------|
| SOLO SANEAMENTO DOMESTICO     | 15,1100 |
| SOLO SANEAMENTO NON DOMESTICO | 18,8900 |

### 2.—DEREITOS DE ACOMETIDA

Por dereitos de acometida, aplicarase as tarifas que se determinan no presente apartado

| DEREITOS DE ACOMETIDA SANEAMENTO       |        |
|--|--------|
| Vivendas ou locais                     | 122,73 |
| Colexios ou centros de ensinanza       | 315,47 |
| Fábricas, industriais, talleres, etc   | 135,38 |
| Almacéns e locais exposición mercancia | 43,31  |

| DEREITOS DE ACOMETIDA ABASTECIMIENTO       |       |
|--|-------|
| a) ó solicitar licenza en local ou vivenda | 20,29 |
| b) ó solicitar alta no servizo cada vez    | 4,40  |



Xoves, 13 de febreiro de 2020

Núm. 30

**Artigo 5.—Tarifas de natureza social**

1.—Aplicarase unha tarifa de importe cero euros nas tarifas domésticas aos beneficiarios da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA). Tamén se incluírán nesta tarifa os solicitantes da RISGA, nos que pasaran mais de tres meses dende a solicitude e se atopen pendentes de resolución. En caso denegatorio estarían obrigados a comunicar dita situación.

Serán tamén beneficiarios de esta tarifa os acollidos a réximes protectores de carácter público análogos ao mencionado.

Os parados de longa duración (superior a un ano), tamén poderán beneficiarse desta tarifa. Cada seis meses deberá aportarse un informe dos servizos sociais municipais acreditando a continuidade desta situación.

A aplicación desta tarifa terá carácter rogado, producindo efectos a súa aplicación no período de cobro seguinte ao da solicitude.

Para a aplicación desta tarifa o consumo rexistrado non excederá de 20 metros cúbicos por período de facturación,

2.—Os interesados que desexen solicitar a presente tarifa, deberán presentar:

a) Solicitude de concesión.

b) Fotocopia do NIF das persoas físicas solicitantes da tarifa, así como, no seu caso, xustificante que acredite a actuación a través de representación e NIF da persoa que actúe como representante.

c) Fotocopia compulsada do acordo de concesión da RISGA ou réxime protector de carácter público.

d) Fotocopia do último recibo de pago da prestación polos servizos vinculados ao ciclo integral da auga.

e) Identificación da referencia catastral do inmovible obxecto da prestación do servizo de abastecemento de auga (copia do recibo do imposto sobre bens inmovibles).

f) No caso en que o inmovible obxecto de subministro onde resida o solicitante da tarifa non sexa da súa propiedade, deberá aportar ademais:

- Fotocopia do NIF do propietario do inmovible.
- Fotocopia do contrato de aluguer ou do documento que acredite que o propietario do inmovible cede o uso do mesmo ao solicitante da tarifa.

3.—Se a solicitude non reúne os requisitos sinalados nos puntos anteriores, requiriranse ao interesado na forma establecida na Lei 39/2015, do procedemento administrativo común, para que nun prazo de 10 días se emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa indicación de que, se así non o fixese, considerarase que desistiu da súa petición, logo de resolución ditada ao efecto.



Xoves, 13 de febreiro de 2020

Núm. 30

4.—Tanto o propietario do ben inmovible obxecto da prestación do servizo como o beneficiario da tarifa terán a obriga de comunicar á administración municipal calquera modificación nos datos relativos ao disfrute da tarifa.

5.—No caso de renovacións da tarifa, cando o réxime protector ao que este acollido o interesado se acorde por un período de tempo determinado, deberase presentar soamente os documentos expresados nas letras a) e c) do punto 2 deste artigo.

6.—O cambio de domicilio por parte do beneficiario suporá o cese da aplicación desta tarifa, con efectos no mesmo período de cobro en que efectivamente se probe. No seu caso deberá facer unha nova solicitude con todos os documentos expresados no punto 2 deste artigo para a concesión da tarifa no novo domicilio.

### **Artigo 6.—Normas de Xestión**

1.—A xestión, liquidación e ingreso da prestación patrimonial de carácter público non tributario corresponde ao Concello de Cangas.

Tales funcións serán de responsabilidade da entidade concesionaria do servizo no momento en que se adxudique tal contrato, debendo desenvolverse de conformidade ao establecido no prego de cláusulas administrativas reitor da contratación e o Regulamento do servizo, constituíndo a súa retribución.

2.—Os listados cobratorios da prestación patrimonial de carácter público non tributario serán obxecto de aprobación por resolución da Alcaldía e posterior remisión a Xunta de Goberno Local para coñecemento.

### **Artigo 7.—Cobro da prestación patrimonial de carácter público non tributario**

1.—Nace a obriga de pago no momento en que se produza a alta no servizo, ou a solicitude no caso dos dereitos de acometida.

A liquidación realizarase aplicando ao consumo que sinala o contador as tarifas vixentes, ou no seu caso, a tarifa fixa correspondente.

O Concello ou a entidade concesionaria do servizo procederá a efectuar a lectura de todos os contadores de medida dos usuarios do servizo no transcurso do período impositivo. Para tal efecto, e agás circunstancias excepcionais, a medición dos aforos dos beneficiarios do servizo realizarase de tal forma que permita a comparación de consumos dun período de 90 días.

2.—O período voluntario de cobranza estenderase durante o prazo dos primeiros 15 días do trimestre natural seguinte ao de lectura e comprobación de consumos.

3.—O ingreso dos recibos poderase facer:

a) En metálico, ben nas oficinas do concesionario do Servizo Municipal de Augas, Saneamento e Depuración, ben nas oficinas das entidades bancarias colaboradoras.





Xoves, 13 de febreiro de 2020

Núm. 30

b) Ou mediante domiciliación bancaria.

4.—O cobro das cotas realizarase trimestralmente, e como máximo en catro liquidacións en cada exercicio, sen que sexa necesaria a notificación das cotas que se deriven da declaración de alta.

5.—Transcorrido o prazo de pago antes fixado sen que se abonara a factura e sen requirimento previo serán aplicables as recargas establecidas no artigo 27.2 da Lei Xeral Tributaria.

6.—No non disposto na presente ordenanza, serán de aplicación as previsións do Real Decreto 939/2015, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, así como o resto de normativa xeral en materia de xestión, inspección e recadación en materia tributaria.

#### *DISPOSICIÓN FINAL*

A presente Ordenanza producirá efectos desde a súa entrada en vigor e ata a súa modificación ou derogación.

Contra o presente Acordo, interporase recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con sede en A Coruña, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

O Alcalde, Xosé Manuel Pazos Varela, en Cangas, na data que se sinala dixitalmente á marxe.

